



R renova máis unha tempada o seu compromiso co Celta Integra Zelnova

- ***O director da Fundación Celta e o director de R e de MasOrange en Galicia ratificaron o acordo na sede do club en Vigo, acompañados por unha representación do equipo de fútbol.***
- ***O convenio renova a colaboración entre operador e club e subscribe outra vez o apoio de R ao Celta Integra Zelnova para contribuír á mellora constante e á adaptación social dos/as integrantes do equipo, do colectivo D.I. (con discapacidade intelectual).***

Martes, 3 de febreiro de 2026.- O operador galego **R** e a Fundación Celta de Vigo renovaron máis un ano o seu acordo de colaboración nun acto celebrado no Salón Rexio da sede do club na cidade olívica. Ao encontro acudiron o director da Fundación Celta, Germán Arteta, o director de **R** e de MasOrange en Galicia, Alfredo Ramos, e Rubén Martínez, membro do padroado da Fundación, ademais de membros do equipo e corpo técnico do Celta Integra Zelnova, o que lle deu imaxe ao valor social deste proxecto.

O convenio revalida o compromiso de **R** co club e subscribe o seu apoio ao equipo de fútbol Celta Integra Zelnova para contribuír á mellora constante e á adaptación social do equipo e dos seus integrantes, do colectivo D.I. (con discapacidade intelectual). Deste xeito, dáselle percorrido ao apoio do operador galego a este conxunto que compite en LaLiga Genuine, a iniciativa de LaLiga dirixida a persoas D.I. Un apoio incondicional para avanzar na inclusión, a integración social e a promoción de hábitos saudables a través do deporte.

O director de **R**, Alfredo Ramos, expresou a súa satisfacción por continuar dándolle pulo a esta alianza: *“En **R** estamos moi satisfeitos/as de axudar, tempada tras tempada, a un proxecto que vai alén do fútbol. E sempre destacamos que o Celta Integra Zelnova nos brinda a oportunidade de impulsar valores como a solidariedade, o respecto, a deportividade e, sobre todo, a inclusión social. Revalidarmos hoxe esta colaboración é reafirmarmos a nosa convicción de que o deporte pode mellorar vidas e construír unha sociedade máis xusta e unida”*.

Pola súa banda, Germán Arteta, director da Fundación Celta, salientou a importancia desta relación continuada: *“Agradecemos a **R** o seu apoio constante e a súa implicación incondicional. A súa colaboración foi decisiva para reforzar a visibilidade do noso proxecto e para impulsar iniciativas que fomentan o desenvolvemento persoal e social dos nosos xogadores. Este compromiso inspira a seguir medrando e a avanzar cara a un deporte cada vez máis inclusivo e diverso”*.

Rubén Martínez, membro do padroado da Fundación Celta, insistiu tamén no impacto humano do acordo: *“O maior desexo destes mozos e destas mozas é gozar do fútbol, e proxectos como o Celta Integra Zelnova fan que ese soño sexa posible. O apoio de **R** axúdanos a manter viva unha iniciativa que, ademais de deportiva, ten un enorme valor social. Oxalá sigamos camiñando xuntos moitos anos máis”*.



Presenza de R na competición

Durante a tempada 2025-26 de LaLiga Genuine, o logotipo de **R** seguirá presente no equipamento oficial dos xogadores e do corpo técnico (manga dereita e peito), así como na web do Celta Integra Zelnova. Esta visibilidade reflicte o compromiso compartido por ambas as dúas entidades de impulsar a mellora continua e o desenvolvemento social, neste caso dos/as xogadores/as do colectivo D.I. que compoñen o equipo.

Unha mensaxe inspiradora cargada de valores sobre a realidade do equipo recóllese no documental *“Los que nunca se rinden”*, realizado no marco do programa Celta Integra Zelnova. Velaquí o enlace ao vídeo: <https://youtu.be/GN9TRI9svdw?si=v9js8-nDcQNg4MoN>

Oito tempadas apostando pola inclusión

LaLiga Genuine cumpre xa oito tempadas dende a súa creación, consolidándose coma un referente no binomio deporte+inclusión.

Os partidos dispútanse en formato de Fútbol 8 —catro tempos de dez minutos— e a competición desenvólvese en catro fases celebradas en distintas sedes do territorio nacional. Ademais do marcador deportivo, o campionato premia a deportividade, o que subliña a importancia dos valores que sustentan esta iniciativa.

Sobre o Celta Integra Zelnova

O proxecto do equipo nace coa idea de lles achegar a persoas con discapacidade intelectual as escolas da Fundación Celta como ferramenta de desenvolvemento, adaptación e integración, fomentando rutinas e hábitos de vida saudables a través da práctica do deporte. O obxectivo principal é non ser só un equipo de fútbol, senón acadar un avance individual a escala social e persoal, ser máis responsables e independentes.

Sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda larga, televisión dixital e luz+gas. E para empresas e administracións públicas, **R** integra unha oferta completa de servizos dixitais avanzados: postos de traballo 100 % dixitais, ciberseguridade, 'cloud', IoT + solucións 5G e capacidades de datos + IA para sectores clave. Como marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, **R** é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia alí onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. Dende 2024 forma parte do grupo MasOrange, líder do sector das telecomunicacións en España por número de clientes, e é a insignia do grupo en Galicia, onde xa superou a cifra de 1,7 millóns de fogares cubertos coa fibra óptica máis avanzada do mercado e máis do 97 % da poboación con dispoñibilidade de acceso ao 5G. ([R.gal](https://www.rgal.es))

comunicación R

prensa@mundo-r.net

[R.gal](https://www.rgal.es)